




## Ordenación das ensinanzas deportivas

**A orde pola que se desenvolve a ordenación das ensinanzas deportivas supón a aplicación da estrutura da FP para estas ensinanzas de réxime especial**

Hai algunhas consideracións que apuntamos sobre as ensinanzas deportivas:


 Demandamos que se busquen solucións ás limitacións que se manteñen a día de hoxe para poder traballar co XADE nestas ensinanzas (mesmo boletíns de avaliación deben facerse a man), como acontece en xeral coas ensinanzas de réxime especial. **Afirman que este é un primeiro paso mais recoñecen que aínda non teñen feita unha adaptación para as ensinanzas de réxime especial e que agardan avanzar.**


 Artigo 8. Reducir a 1 mes (dos 2 do texto) a solicitude que debe enviar a dirección para a realización do MFP en situacións excepcionais. **Vano revisar.**

 Artigo 18. Na distribución das xornadas lectivas indícase que non se poden superar as tres sesións de 50 minutos agás para computar o desprazamento. Segundo nos indican nalgúns casos de sesións prácticas no medio natural este tempo pode ser mesmo escaso. Propoñemos que se valore algunha excepcionalidade que, previa revisión pola Inspección Educativa, poida autorizar unha acumulación superior.



**Modificarán a redacción para que as tres sesións se indiquen con carácter xeral, deixando a porta aberta á excepcionalidade.**

 Artigo 20. A autorización de calendarios e horarios con carácter extraordinario debe poder facerse con menos tempo do fixado (1 mes) xa que nestas ensinanzas dáanse casos de alumnado que compiten ou adestran a nivel internacional e que os cambios se deban poder efectivos con maior antelación. **Vano revisar.**

 Artigo 36. Poden darse problemas para a convocatoria extraordinaria nun tempo superior a un mes no caso de que o ciclo inicial e o final dun Grao Medio se faga no mesmo curso de carácter intensivo, xa que as datas de avaliación final do ciclo inicial levaría a extraordinaria ao período

de matrícula no ciclo final. Ver a posibilidade de adaptar estes prazos para esta situación. **Vano revisar.**

- Disposición adicional 2ª. Recoñecer o dereito á flexibilización de exames cando coincida con competicións e adestramentos da selección galega. Tamén recoller a posibilidade de que se aplique esta mesma flexibilización para alumnado estranxeiro ao respecto das súas seleccións. **Están de acordo e vai modificarse.**



- Suprimir o requisito de ter 6 meses de experiencia como adestrador de fútbol coa titulación de N2 para cursar N3. É unha limitación excesiva que non ten moito sentido. Suprimila facilitaría o acceso a N3 de moito alumnado que queda sen posibilidade de formación debido a elo. **Afirman que é un tema de Real Decreto.**

- Solicitamos a creación da figura dun coordinador do MFP específico para as Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial, independentemente da existencia dun coordinador de FCT no centro adicado os ciclos de Formación Profesional e de Réxime Ordinario. **Non se incorporará nesta orde mais será revisado na redacción dos ROC dos centros.**

- Garantir ao alumnado que obtén unha titulación oficial no marco das Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial o libre exercicio da actividade profesional para a que a titulación o faculte segundo a lexislación laboral vixente no marco da Unión Europea.

- Actualización do currículo que regula as Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial nas modalidades de Fútbol e Balonmán para a súa adaptación ás actuais competencias demandadas dentro do eido da industria deportiva e para o exercicio da actividade profesional.

- Ratios: a relación profesorado-alumnado non debe superar o **1/20 nos módulos teóricos e o 1/10 nos módulos de carácter experimental.**

## OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal